



**RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA: LISTADOS EMPRESARIOS COMERCIANTES PARA
CONTRATOS MENORES.2021**

EXPEDIENTE: 2021/G003/000642

ANTECEDENTES:

O pasado 11.05.2021 ditouse un decreto polo que se crea unha listaxe de empresarios e comerciantes do Concello de Coristanco. O decreto retificado dispoñía o seguinte:

“ANTECEDENTES:

Na sesión plenaria do 29 de abril de 2021, aprobouse a moción do PSOE que copiada literalmente dí:

“1. Instar ao Goberno Municipal á creación dun rexistro municipal de Pemes e Autónomos co seu regulamento público, ordenado polas diferentes áreas e cos requisitos oportunos para que calquera que os cumpla poida formar parte do mesmo.

2. Instar ao Goberno Municipal para que se dé a publicidade e se creen as vías de comunicación oportunas para difundir este acordo, posibilitando que toda Peme ou Autónomo local que así o desexe poida formar parte deste rexistro sempre e cando cumpla os requisitos de dito regulamento.

3. Unha vez elaborado o rexistro municipal antes mencionado, se utilice o mesmo para a adxudicación de contratos menores dentro das posibilidades que da a nova lei 9/2017 do 8 de novembro de Contratación do Sector Público

4. Que se proceda á publicación dos datos legalmente establecidos nos espazos dixitais referenciados na LCSP dos contratos menores deste Concello, indicando a duración, o importe de adxudicación incluído o IVE e a identidade do adxudicatario.” Co fin de darlle cumprimento ao espírito da moción en tanto non se propón un regulamento de funcionamento do dito rexistro, en uso das atribucións que me confire a DA 2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Establecer unha listaxe de empresarios e comerciantes do Concello de Coristanco aos efectos da súa invitación nos procedementos de contratación que non superen os límites do contrato menor, consonte o disposto na base de execución orzamentaria núm. 29 apartado b) e c) (6.000 € no caso de servizos, subministracións e 20.000 € no caso de obras).

SEGUNDO.- Dar publicidade a apertura da listaxe na web e nas redes sociais municipais, para que durante o mes de Maio as interesadas podan presentar a documentación.

TERCEIRO.- Establecer os seguintes requisitos e normas de funcionamento das listaxes:

1. Requisitos da empresas:

1. Para poder participar nestas contratacións as solicitantes deberán ter capacidade de obrar e habilitación técnica para realizar a prestación que é o obxecto dos contratos.



2. Para poder participar nestas contratacións as solicitantes deberán ter domicilio fiscal no Concello de Coristanco

3. Para poder resultar adxudicatarias dos contratos precisarán atoparse ao corrente das súas obrigas coa Facenda do Estado, Xunta e Administración Local así como das obrigas da Seguridade Social.

4. As integrantes da listaxe deberán relacionarse electrónicamente co Concello de Coristanco, para elo disporán de certificado electrónico que lles permita realizar os trámites derivados destas contratacións.

5. As contratistas adxudicatarias do contrato deberán presentar a factura dos seus traballos polos sistema Face, sempre que a contía dos traballos supere os 5.000 €

2. A solicitude de inscrición na listaxe presentárase por medio dunha declaración responsable cuio modelo poderase descargar na web municipal ou obter nas dependencias municipais.

3. As aspirantes deberán presentar a súa declaración responsable na sede electrónica municipal.

4. Establecerase unha orde de chamamento por data de presentación da instancia.

5. A existencia desta listaxe non impide o chamamento a empresas non radicadas no Concello de Coristanco, se así fose pertinente por razón do tipo de traballos a realizar, mellor prestacións ofrecidas, ou habilitación técnica.

6. No caso de renunciar a presentación da oferta invitarase ao seguinte contratista inscrito ou, de selo caso, ao contratista non inscrito con capacitación e habilitación para o desenvolvemento do obxecto do contrato.

CUARTO.- Dar conta ao pleno na vindeira sesión que celebre.

QUINTO.- Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o xulgado Contencioso-administrativo de A Coruña, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da súa publicación. Con todo, contra esta resolución as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de reposición, ante do mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da súa publicación; neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo anteriormente mencionado, mentres non recaia unha resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co artigo 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Con todo poderá presentar calquera outro recurso que estime conveniente. Coristanco, asinado electrónicamente polo alcalde, Juan Carlos García Pose, e a secretaria municipal, Elena González López, na/s data/s que figuran nas sinaturas electrónicas."

Rematado o mes de maio non se presentaron máis que 23 solicitudes de inscrición na dista listaxe por ese motivo preténdese deixar aberto ate o final do ano o dito prazo.

Comprobado que existen actividades, locais profesionais e comerciais abertos no Concello que non cumpren o requisito de ter domicilio fiscal no Concello de Coristanco, amplíase os requisitos de inscrición nas listaxes para que estes suxeitos poidan solicitar a súa inclusión.

En virtude do que antecede, en uso das atribucións que me confire a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do réxime local,



RESOLVO:

PRIMEIRO.- Ampliar o prazo de inscrición na listaxe de empresarios e comerciantes do Concello de Coristanco para o ano 2021 ate o 31 de decembro do 2021, e establecer a vixencia da dita listaxe ate aquela data.

SEGUNDO.- Modificar os requisitos para participar nas contratacións de modo que as persoas solicitantes deberán ter centro de actividade ou centro de traballo no Concello de Coristanco. No caso de profesionais sen centro de actividade (itinerantes) e que desenvolvan a súa actividade en Coristanco deberán ter o domicilio fiscal no Concello.

TERCEIRO.- Dar publicidade a esta resolución na páxina web municipal, portal de transparencia e taboeiro de anuncios para xeral coñecemento.

CUARTO.- Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o xulgado Contencioso-administrativo de A Coruña, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da súa publicación. Con todo, contra esta resolución as persoas interesadasw poderán interpoñer recurso de reposición, ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao das súa publicación,; neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo anteriormetne mencionado, metnres non recaia unha resolución expresa ou presunta do recurso de reposición de acordo co artigo 123 e seguintes da lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administraicóns Públicas. Con todo poderá `resentar calquera outro recurso que stime convinte.

QUINTO.- Dar conta ao pleno na vindeira sesión que celebre.

Coristanco, asinado electrónicamente polo alcalde, Juan Carlos García Pose, e a secretaria municipal, Elena González López, na/s data/s que figuran nas sinaturas electrónicas.